

informa TEO

SERVIZOS BÁSICOS

Nova zona de lecer nos Tilos

A urbanización dos Tilos gaña un espazo de lecer coa recuperación dunha nova zona verde dunha hectárea de superficie situada na parte baixa do parque. Para habilitala, o Concello interviu nos noiros preto do rego de Covas, nos que no seu día se depositaron residuos de excavacións de obras, para que o espazo sexa accesible a pé.

As obras precisaron un movemento de terras previo, no que se retiraron entullos existentes. A continuación, construíuse un carreiro de 327 metros de longo e 2,5 metros de ancho, que percorre a zona cun trazado curvilíneo para salvar o desnivel. Tamén se limpou o curso, no que se acumulaba lixo, efectuouse unha roza selectiva e retiráronse árbores de especies invasoras. O proceso rematou coa plantación de castiñeiros híbridos e a colocación dunha varanda de protección.



O proxecto, no que o Concello investiu uns 40.000 euros (IVE incluído) cunha subvención do fondo de compensación ambiental da Xunta, non esqueceu as obras de drenaxe precisas para evitar a erosión.

Ademais de sumar un espazo para o benestar da poboación, esta iniciativa axudará a mellorar a calidade da auga do rego de Covas mediante a estabilización dos noiros e a creación dun pequeno bosque con especies autóctonas que incrementará a biodiversidade do ecosistema •

Os desniveis na zona do rego de Covas foron salvados co acondicionamento dun carreiro e o paseo incorpora castiñeiros

URBANISMO

Investimento de 2,2 millóns de euros no POS

Teo investirá uns 2,2 millóns de euros a través do Plan de Obras e Servizos que cofinancia a Deputación. Un dos proxectos prevé a reurbanización de Mouromorto (Calo) e A Silva (Lampai), coa mellora das rúas interiores e infraestruturas de auga e saneamento. Tamén se acondicionarán vías en Chaves (Lucí), A Torre (Cacheiras), Noceda e Santa María (Teo) e a da Agrela (Lampai) a Loureiro (Luou). O plan contempla tamén as sendas peonís en Cacheiras e en Resesende, decididas no proceso de participación veciñal de 2016.

Ademais, vaise acondicionar o centro sociocultural Constante Liste e será climatizado o auditorio, instálase céspede artificial e rega no campo de fútbol de Calo, e acometeranse mellores no acceso e o peche do recinto do Punto Limpo.



Unha campaña municipal ensinará a combater a nespra asiática



O entomólogo Lolo Andrade ofrecerá unha charla sobre a loita contra a nespra asiática o 13 de xaneiro, a partir das 19:00 horas, no Concello

As accións para combater a nespra asiática intensifícanse en Teo desde xaneiro de 2018. Ante os retrasos nas tarefas de retirada de niños por parte da Xunta, o Concello pasa a ser entidade colaboradora nestes labores. A nova planificación ten por obxectivo adaptarse a cada época do ano para que a prevención sexa máis eficaz e minimizar así a presenza no municipio da especie invasora.

A primeira actividade será unha charla aberta a todos os veciños e veciñas. Lolo Andrade, experto na loita contra a velutina, informará sobre as características e o comportamento deste animal e explicará as principais medidas

prácticas que se poden aplicar para previr a súa expansión. A charla con este entomólogo terá lugar no Salón de Plenos do Concello o sábado 13 de xaneiro a partir das 19:00 horas.

Nas semanas seguintes están programadas reunións veciñais en diversas zonas. En xaneiro, serán en Francos, en Solláns e en Lampai. Máis adiante chegarán a Luou, a Cacheiras, a Vilariño e a Reis. Nestas reunións, as persoas que asistan poderán coñecer mellor a velutina e aprender a construír trampas eficaces.

Neutralizar as raíñas novas

A intención é poder atrapar o maior número posible de raíñas novas do ano 2018 para impedir que críen niños. O Concello está estudando un sistema que permita distribuír a substancia atraente que asegure o maior éxito de funcionamento nas trampas.

Ademais destas iniciativas dirixidas á poboación en xeral, programouse unha sesión de formación dirixida ao voluntariado e ao equipo de Protección Civil de Teo •

Os cursos de envellecemento activo abren inscrición en xaneiro



Información detallada sobre os horarios e o desenvolvemento das actividades chamando ao 981 809 707 ou nos Servizos Sociais do Concello de Teo

Os cursos de envellecemento activo do Departamento de Benestar Social de Teo abren o prazo para anotarse a partir do 2 de xaneiro.

A programación gratuíta inclúe sesións semanais de ximnasia terapéutica en Calo, Vilar de Calo, Vilariño, Luou, A Torre, Os Tilos, A Ramallosa, Cacheiras (dous grupos), Francos, Oza, Rarís, Teo, Lampai e Solláns. Tamén haberá cursos de estimulación cognitiva e memoria, con clases semanais, en Cacheiras, Luou, Vilariño, Recesende e Calo.

Outras propostas de balde son as de exercicios para persoas con enfermidades crónicas, que se desenvolverán en Cacheiras os martes e xoves desde as 17:00 ata as 18:30 horas. Como actividades ocupacionais, o programa inclúe pintura e encaixe de palillos na Ramallosa, con clases semanais.

Ademais, é posible anotarse en sesións de piscina semanais dunha hora de duración. Neste caso, o custo é de 6 euros ao mes.

Ceas baile e excursións

Por outra parte, Benestar Social programa ceas baile e excursións para persoas maiores de 60 anos ou pensionistas. As primeiras ceas baile de 2018 serán o 27 de xaneiro e o 24 de febreiro en restaurantes de Teo por determinar. O prezo é de 20 euros por persoa. En canto ás excursións, as primeiras serán ás Termas de Outariz (Ourense) o 21 de febreiro e a Viana do Castelo o 24 de marzo.

O prazo de anotación para as ceas baile e as excursións será entre o 1 e o 15 do mes no que se celebre a actividade •

TURISMO

O Entroido comezará o 28 de xaneiro en Rarís

As celebracións do Entroido comezarán cedo en 2018. A primeira xornada dunha das festas preferidas pola sociedade de Teo será o domingo 28 de xaneiro en Rarís. En Reis, prepáranse para a fin de semana do 3 e o 4 de febreiro. Na seguinte, o 10 e o 11 de febreiro, serán os días grandes do entroido en Cacheiras. O sábado 10 tamén o celebran en Teo. E o sábado posterior, o 17 de febreiro, Bamonde pechará o calendario entroideiro.

Ademais, os CEIPs acollerán desde o 8 de xaneiro ata finais do mes unha exposición sobre o Entroido. A mostra estará composta por fotos de gran formato con secuencias do Entroido tradicional e información para axudar a interpretar as imaxes e coñecer máis sobre a festa.



O proxecto Apego recibe un Premio da Cultura Galega 2017

O proxecto Apego foi galardoado co Premio da Cultura Galega 2017 na modalidade de lingua. Este proxecto cooperativo naceu en 2015 no seo da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) e nel participan 30 concellos de Galicia, entre eles Teo.

Apego ideouse para fomentar e facilitar a transmisión do galego como lingua inicial e a socialización dos nenos e das nenas entre 0 e 6 anos no noso idioma. A organización do proxecto agradece o recoñecemento e felicita ademais a toda a comunidade Apego.

Na recepción do premio, Rosa Moreiras, técnica de Normalización Lingüística do Concello de Ames e veciña de Teo, sinalou que “o Apego é unha porta que se abre para o futuro, para que os que cheguen poidan medrar felices e orgullosos do que son e de como son, coa certeza de teren unha lingua que lles dea memoria de onde veñen, de pertencer a unha familia, a un tempo e a un lugar, a unha cultura única, irrepitible e valiosa, que os identifica e que os sitúa no universo para, partindo de aquí, coñecer o mundo enteiro.”

As familias que se suman ao proxecto Apego reciben como agasallo de benvinda diverso ma-



terial, ademais dun apego coa figura do polbo Po para os bebés e un disco para os nenos e nenas ata os 6 anos. Ademais, chégalles por correo electrónico información das actividades infantís do Concello. Para pertencer a Apego hai que acudir ao Servizo de Normalización Lingüística, escribir a politicalinguistica@teo.gal ou anotarse en <https://apego.gal>.

Premio Rosalía de Castro de Lingua

Na semana na que se recolleu este premio, a CTNL foi recoñecida co Premio Rosalía de Castro de Lingua 2017 da Deputación da Coruña, como ideadora e representante do Apego •



Fai que te vexan, faite Youtubeir@

Xa está convocada a segunda edición dos *Premios Youtubeir@s*, dentro do proxecto para promover e darlle visibilidade ao uso do galego en Youtube. Nesta convocatoria poden participar persoas maiores de 14 anos a través de vídeos de opinión ou videotutoriais autoproducidos, en galego e subidos de xeito independente ou nunha canle.

As pezas teñen que estar publicadas desde o 28 de abril de 2017 en diante, sen restricións de privacidade e cos cancelos [#youtubeiras](#) [#youtubeiros](#) na descrición.

Existen oito categorías: vídeo-facermos, vídeo-opinarmos, canle, creatividade, eficiencia comunicativa, calidade técnica, calidade lingüística e premio do público. En total son 5.500 euros en premios. Para o galardón do público, a [#propostayoutubeira](#), as persoas usuarias de Facebook poden propoñer cun comentario no perfil de Youtubeir@s un vídeo do que sexan seareiros incluíndo o cancelo [#propostayoutubeira](#). Hai que propoñer vídeos das categorías vídeo-facermos ou vídeo-opinarmos. Entra en www.youtubeiras.gal e participa!

LINGUA



A nova delimitación de estradas autonómicas afecta a varios núcleos



A Oficina de Urbanismo facilita o acceso ao expediente e asesora ás persoas afectadas para a presentación de alegacións

A Xunta de Galicia abriu ata o 12 de xaneiro o período de exposición pública das parcelas afectadas pola nova delimitación de treitos urbanos en solo de núcleo rural na rede autonómica de estradas.

A Oficina de Urbanismo do Concello de Teo facilita a información e o asesoramento necesario para a veciñanza afectada. En horario de 9:00 a 11:00 horas, as persoas interesadas poderán acudir a este servizo para acceder ao expediente e, de ser o caso, presentar as alegacións que vexan oportunas.

A nova delimitación supón modificar o planeamento que afecta a estas parcelas, ao cambiar as

aliñacións de edificacións e peche das parcelas. Por isto, o Concello tamén estuda presentar alegacións para defender os intereses da cidadanía e do correcto desenvolvemento urbanístico municipal.

Núcleos afectados

Os núcleos afectados por esta nova delimitación son: Cobas (AC-537); Penelas e Tras do Eixo (AG-58 e AG-59); A Devesa, A Torre, Castres, O Piro, Chaves e Lucí (AG-59); A Florida, Chao do Río e A Igrexa de Reis (AC-841); A Ribeira de Reis (AC-841 e AC-242); Valiñas (AC-242); e Vilar de Teo, Xermeade, Fontenlo e Vilachaíño (AC-241) •

SERVIZOS BÁSICOS

Unha consulta decidirá sobre as camelias de Cacheiras

A veciñanza decidirá se prefere que o Concello manteña ou retire as camelias existentes nas beirarrúas da Travesía de Cacheiras. As persoas interesadas en participar na consulta teñen que estar rexistradas na plataforma somos.teo.gal. Entre o 15 de xaneiro e o 15 de marzo do vindeiro 2018, poderán votar e opinar sobre as dúas posibilidades. Para formar parte da consulta hai que ter máis de dezaseis anos e figurar no censo do Concello de Teo. Quen precise axuda para participar pode solicitar asesoramento na Biblioteca do Grilo, en Cacheiras.

O dilema é se se manteñen as camelias no mesmo lugar e se amplían as beirarrúas a medida que o desenvolvemento urbanístico de Cacheiras o permita ou, pola contra, se se retiran todas as árbores que dificulten o paso polas beirarrúas da travesía. Para isto, habería que cortalas, posto que non é factible transplantalas por estar sobre canalizacións.

As camelias plantáronse hai anos coa intención de humanizar e facer máis acolledora a travesía, que presenta erros de deseño e planificación como unhas beirarrúas moi estreitas. As árbores son un atranco para os peóns e para persoas con cadeiras de rodas, carros de nenos ou carros da compra. Pero tamén ofrecen beleza natural e fan máis agradable o tramo.

CULTURA Os Reis Magos percorreren Teo durante a tarde e a noite do 5 de xaneiro



A Cabalgata parte de Osebe e fará paradas en Calo, Pontevea, Os Tilos, Cacheiras e na festa no pavillón Ezequiel Mosquera da Ramallosa

Os Reis Magos visitarán Teo na tarde e a noite do 5 de xaneiro. Está previsto que cheguen en tren á estación de Osebe ás 15:50 horas. Despois, subirán ao autobús clásico para achegarse aos locais de varias asociacións veciñais.

En concreto, acudirán ao centro da S.R. de Calo (16:20 horas), ao da A.C. A Pontevela en Pontevea (16:55 horas) e ao da A.C. Rosalía de Castro en Cacheiras (18:25 horas). No centro comercial dos Tilos estarán ás 17:50 horas.

A festa no polideportivo Ezequiel Mosquera, na Ramallosa, comezará ás 17:45 horas con actividades de animación especiais para a xornada. Os Reis Magos entrarán no pavillón a partir das 19:15 horas para proceder á recepción oficial. Melchor, Gaspar e Baltasar atenderán a todos os nenos e nenas e entregaránlles como primeiro obsequio material de uso infantil relacionado coa festa do San Martiño.

Da man de Benestar, os Magos terán tempo tamén para visitar as residencias de maiores •



MOCIDADE

Súmame ao grupo xuvenil de teatro

A concellería de Benestar e Igualdade está traballando na creación dun grupo xuvenil de teatro, que estará dirixido por Clara Gayo. Por iso, convoca a unha reunión a todos os mozos e mozas de entre 14 e 20 anos que teñan interese en participar. As idades son orientativas, non un límite inflexible.

No encontro concretaranse os horarios dos ensaios, a organización, a dirección e outros aspectos do funcionamento do grupo. Terá lugar na Casa do Concello o 12 de xaneiro a partir das 19:00 horas.

As persoas que queiran asistir poden apuntarse no 981 809 707 ou no enderezo electrónico servizossociais@teo.gal.



CONCILIACIÓN

DiverTeo de Entroido

O Concello programa un DiverTeo de Entroido, os días 12, 13 e 14 de febreiro. Será só no CEIP da Ramallosa e deberá reunir un mínimo de 15 participantes.

O prazo de anotación abre do 2 ao 12 de xaneiro. A listaxe provisional sae o 16, o pagamento efectuarase do 17 ao 26 e a listaxe definitiva publícase o 31 de xaneiro.

Segundo a demanda, o Entroido podería ser parte da oferta habitual do DiverTeo.

O Concello axuda a pedir o novo bono social eléctrico

O servizo de asesoramento sobre a factura eléctrica co que conta o Concello de Teo axuda nos trámites para solicitar o novo bono social, implantado desde o pasado mes de outubro polo Ministerio de Energía. Este servizo atende no Salón de Plenos todos os mércores de 10:00 a 11:00 horas.

A principal novidade do bono social eléctrico é que introduce unha vinculación directa coa situación económica das familias. A partir dela, clasifica en tres tipos os consumidores que poden acceder ao bono. Os considerados vulnerables teñen un desconto do 25% na factura. Para os vulnerables severos o desconto é do 40% da factura. E para o consumidor en risco de exclusión social chega á exención de pagamento da factura.

Consumidor vulnerable

Un consumidor vulnerable sen menores na familia debe estar por debaixo de 11.279 euros de renda anual conxunta da unidade familiar, cun límite de consumo de 120 kw/h mensual. Se hai un menor na familia, o límite de renda é de 15.039 euros e o bono acada ata os 140 kw/h ao mes. Con dous menores, estes límites están en 18.799 euros e en 170 kw/h ao mes. As familias numerosas teñen o desconto do 25% ata os 300 kw/h mensuais. Tamén se todos os integrantes da familia perciben a pensión mínima, cun tope de 140 kw/h ao mes, así como se existen persoas cunha discapacidade maior do 33% ou vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero.

Consumidor vulnerable severo

Este tipo de beneficiario, co 40% de desconto na factura, inclúe os mesmos casos ca o anterior, sempre que perciban unha renda anual da metade ou menos dos límites establecidos para o consumidor vulnerable. Tamén están neste grupo as familias numerosas que in-



gresen menos de 15.039 euros ao ano e os pensionistas que ingresen menos de 7.520 euros.

Consumidor en risco de exclusión social

Esta tipoloxía, co desconto do 100% na factura da electricidade, debe reunir as mesmas condicións ca o consumidor considerado vulnerable severo e ademais recibir atención dos Servizos Sociais do Concello ou da Xunta e que lle paguen o 50% das facturas da luz durante cinco meses. A normativa impide que se lle corte a subministración eléctrica. Nos anteriores grupos, o prazo para avisar do corte pasa de dous a catro meses de antelación.

Que documentación se necesita?

O impreso de solicitude debe ir acompañado, segundo os casos, da seguinte documentación: renda de todos os integrantes da unidade familiar, certificado de empadramento das persoas que conforman a unidade familiar, certificado da Seguridade Social, certificado de Servizos Sociais e copia do libro de familia ou do título de familia numerosa.

Quen xa era beneficiario do bono social...

As persoas que xa se beneficiaban do bono social eléctrico de acordo coa normativa que se aplicou ata o pasado mes de outubro dispoñen de seis meses de prazo para acreditar que cumpren as condicións de consumidor vulnerable. Se non o fan, perderán o desconto que se lles estivo aplicando ata agora. O servizo municipal ofrece tamén asesoramento e axuda para estes casos •

Segundo a situación socioeconómica, pódense obter descontos do 25% ou do 40% na factura da luz ou acceder á exención de pagamento

AXENDA

Xaneiro de 2018



Mércores

Servizo de asesoramento sobre a factura eléctrica.
De 10:00 a 11:00 h. Salón de Plenos da Casa do Concello.

Venres

Mercado en Cacheiras.

Sábados

Mercado do Alimento Labrego nos Tilos.

- Durante o mes, abrirán as anotacións da campaña de esquí da Deputación.

2 Martes. **Abre a inscrición en envellecemento activo e na cea baile do 27 de xaneiro.**

2 Martes. **Inicio do prazo para o DiverTeo de Entroido. Ata o 12 de xaneiro.**

5 Venres. **Cabalgata dos Reis Magos.** Ás 15:50 h, inicio do percorrido desde Osebe. Chegada á festa na Ramallosa ás 19:15 h.

10 Xoves. 13:00 h. **Sorteo público da campaña de Nadal no comercio.** Salón de Plenos.

12 Venres. 18:00 h. **Reunión para organizar o grupo de teatro xuvenil.** Casa do Concello.

13 Sábado. 19:00 h. **Charla sobre a prevención da nespra asiática.** Salón de Plenos. Concello.

15 Luns. **Inicio da consulta sobre as camelias da Travesía de Cacheiras.** somos.teo.gal

18 Xoves. 20:30 h. **Reunión coa veciñanza de Calo.** Casa Común Marisa Mirás.

19 Venres. 20:30 h. **Charla sobre a nespra asiática.** Escola de Francos (Calo).

25 Xoves. 20:30 h. **Charla sobre a nespra asiática.** Local da Baiuca (Solláns).

26 Venres. 20:30 h. **Charla sobre a nespra asiática.** Lampai.

28 Domingo. **Entroido en Rarís.**



ATOPA TRABALLO EN EQUIPO. VIVES EMPREGA TEO.

Participa neste programa gratuito de busca de emprego. Potenciarás as túas competencias, recuperarás a túa motivación e activarás o teu talento.

- Participarás en sesións grupais tres días á semana.
- Terás sesións individuais de asesoramento.
- Acudirás a eventos e foros de emprego.
- Contactarás con empresas.

Si tes entre 18 e 60 anos e queres atopar traballo, inscribete:

Ángeles Rodiño Medrano T. 629 563 058
marodino@accioncontraelhambre.org

ACCIÓN CONTRA A FAME  **ACCIÓN CONTRA EL HAMBRE**

Financian:



Programa cofinanciado polo Fondo Social Europeo no marco do POSES 2014-2020

